

## OUTRAS RECOLLIDAS DE RESIDUOS

**Aceites**
Punto de recollida nas inmediacións do Concello.
Depositar só aceite de cociña en envase pechado.

**Roupa e calzado**
Punto de recollida nas inmediacións do Concello.
Depositar en bolsa pechada.

**Pilas esgotadas**
Punto de recollida no Concello.

**Medicamentos**
Hai colectores nas farmacias para o depósito de medicamentos e medicamentos caducados.

**Voluminosos**
Recollida no Punto Limpio

## +información:

CONCELLO DE SOBRADO
Praza Portal 1
15813 Sobrado (A Coruña)
tlf. 981 787 508
correo@sobrado.es

CONCELLO DE SOBRADO

XUNTA DE GALICIA
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



# GUÍA DE SEPARACIÓN PARA A XESTIÓN

## dos Residuos Municipais



Todos queremos unha xestión máis sostible dos residuos

CONCELLO DE SOBRADO



## FRACCIÓN RESTO

DEPOSITAR
Cueiros, compresas, bolígrafos, luvas e máscaras desbotables, xoguetes de pequeno tamaño, etc.

NON DEPOSITAR
Residuos susceptibles de ser reciclados.

**Para os residuos que non teñen recollida selectiva e non podes aproveitar máis**



## RESIDUOS ORGÁNICOS

DEPOSITAR
Restos de comida, cascas de ovo, pousos de café, follas secas...

NON DEPOSITAR
Aceites de cociña, cueiros, compresas, ramas de podas, cabichas...




**Se tes xardín ou horta podes compostar os teus residuos empregando o composteiro e obter un fertilizante natural**

## ENVASES DE VIDRO

DEPOSITAR
Botellas, tarros e frascos de vidro

NON DEPOSITAR
Lámpadas, nin tubos fluorescentes, nin porcelanas.

**O 100% do vidro recollido selectivamente reciclase**





## PAPEL E CARTÓN

DEPOSITAR
Papeis e cartóns soltos, caixas de cartón rachadas/pregadas, xornais, revistas e folletos publicitarios, envoltorios de papel.

NON DEPOSITAR
Non tires papel ou cartón sucio (manchado de graxas, comidas...), nin tampouco o tires en bolsa de plástico.

**A recliclaxe en papel e cartón reduce a tala de árbores**

## ENVASES LIXEIROS

DEPOSITAR
Envases e botes de plástico (de refresco, auga, leite, iogures, productos de limpeza...).
Envoltorios de plástico e aluminio (tipo de bolsas, papel de aluminio, filme transparente, bandexas).
Latas de bebidas e conservas.
Envases compostos (bricks do leite,paquetes de café e outros

NON DEPOSITAR
Obxectos que non son envases.

Os envases lixeiros poden depositarse soltos no contenedor amarelo, non é preciso bolsa.





CONCELLO DE SOBRADO

o camiño sostible

# No rural
# Compostaxe doméstica!



**Recibe, de balde, asesoramento e material!**

**Solicita en sobrado.ocaminosostible.gal o teu material!**

XUNTA DE GALICIA

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

# COMPOSTAXE DOMÉSTICA, CLAVE PARA A REDUCIÓN DO LIXO EN SOBRADO

## O Concello ofrece composteiros e apoio técnico gratuíto para que a veciñanza con terreo poida transformar os seus residuos orgánicos nun recurso útil

*En Sobrado, a 3 de outubro de 2025.*

A metade do lixo que se xera nos fogares está composto por materia orgánica. A súa correcta xestión resulta decisiva tanto para protexer o medio ambiente como para reducir os custos asociados ao tratamento dos residuos.

Co obxectivo de avanzar cara a un modelo máis sostible, o Concello pon en marcha unha campaña de compostaxe doméstica dirixida ás persoas que dispoñan dun pequeno terreo. A iniciativa inclúe a entrega gratuíta de composteiros e formación práctica, así como un servizo de asesoramento e seguimento durante todo o ano 2025.

Para participar activamente e reservar o material da campaña, habilitouse a web https://ocaminosostible.gal/concellos-aliados/concello-de-piquin/, onde tamén se pode consultar información sobre os servizos municipais de xestión de residuos. Ademais, a inscrición pode realizarse presencialmente no Concello ou a través do teléfono 647 521 464.

As xornadas informativas e de formación terán lugar en:

- Mércores 15 de outubro, ás 11:00h, no Salón de Plenos do Concello
- Xoves 23 de outubro, ás 11:00h, no Local Social do Mesón de Codesoso
- Xoves 30 de outubro, ás 11:00h, no Local Social de Penagrande

Esta actuación conta co financiamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a través dos fondos europeos NextGenerationEU.



*Ilustración 1 Composteiro montado*

XUNTA DE GALICIA

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA — VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO — MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

CONCELLO DE SOBRADO

# LIÑA 2. PROXECTOS DE SEPARACIÓN E RECICLAXE EN ORIXE DE BIORRESIDUOS MEDIANTE A SÚA COMPOSTAXE DOMÉSTICA OU COMUNITARIA (COMPOSTAXE IN SITU)

**Actuacións cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU**

*Orde do 17 de Decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladores para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e textiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025* (procedemento MT975T).

XUNTA DE GALICIA
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA — VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO — MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
CONCELLO DE SOBRADO

# LIÑA 1. PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA)

**Actuacións cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU**

*Orde do 17 de Decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladores para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e textiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025* (procedemento MT975T).